



O poeta, escritor, activista literario e performer **Lello Voce** (Nápoles, 1957) foi un dos primeiros introdutores do *Poetry Slam* (unha sorte de torneo de poesía recitada) en Italia, alá polos comezos deste século. Dende que se convertera en pioneiro á hora de conducir *slams* plurilingües, ten comandado centos destas competicións en verso por todo o país. Voce cóntase entre os fundadores da fornada poética italiana Gruppo 93 e mais da revista Baldus. E tamén foi un dos iniciadores do World Poetry Movement, dende Medellín (Colombia).

Poeta experimental, mestre do *Spoken Word* e defensor acérrimo da oralidade e o corpo na poesía, Lello Voce é un dos precursores das novas formas de encontro escénico entre música e poesía, e nas súas accións poéticas teñen colaborado unha chea de artistas de renome, dende Paolo Fresu a Giacomo Verde. Así, ofreceu recitais e espectáculos de *spoken music* en multitude de cidades italianas, europeas, en América e en Asia. Ademais, parte do seu traballo foi traducido ao francés, inglés, castelán, catalán, alemán, xaponés, árabe e portugués do Brasil.

Colaborador de xornais como Il Fatto Quotidiano ou Corriere della Sera e publicando á vez poesía dende comezos dos oitenta, entre os seus libros e CDs cabe salientar *Farfalle da Combattimento* (1999), *Fast Blood* (2005), *L'esercizio della lingua. Poesie 1991-2008* (2009) –que fora Premio Delfini de poesía– ou *Piccola cucina cannibale* (2012) polo que foi galardoado co Premio Nápoles 2012. Tamén autor de narrativa, as súas prosas foron recollidas no volume *Il Cristo elettrico* (2006, 2ª ed.: 2014). Como editor literario ocupouse da gran antoloxía do poeta concretista brasileiro Haroldo de Campos, na que contribuíron tamén Augusto de Campos e Umberto Eco.

PEQUENA COCIÑA CANÍBAL

(...)

*se aínda existo é para nutrirte e asombrarte para librar-me de ti para traizoarte
poñerte contra a parede no recanto e pregarte que te rendas ante o signo
ambiguo que nos separa ante o aire raro que entre nós mora e que nos une nun
sopro ao baleiro do noso movemento enteiro se aínda existo é para te rogar
por favor sigue a te marabillar para te dicir mira que amor non rima
con color senón co rombo da dor cos músculos esgazados que
acaricias cando te deitas coa única cousa de veras sangue ciscada que fai primaveras*

*(sepárame as pernas e arríncaas do tronco desmóntame os xeonllos
baléiraas de líquidos e de palabras e sécaas logo ao fogo lento da dúbida
afunde o machado nas nádegas cun golpe limpo e seco divideme
faima anacos devórame)*

(...)

*preciso esquecer o futuro imaxinar o pasado preciso
de quente alento no pescozo de ameazas de chantaxes de violencia dunha tanza
envenenada preciso dunha soa tacada lisa coma un espello como
o fío dos patíns fendendo o xeo coma se fose o anaco dunha historia
común unha vía percorrida unha mordida de vida que se retorce de gumes e de mortes eu
preciso de pel e de olfacto pero ti mírame sen contacto e agora
róubame a vida con man dilixente e logo amor apágame suavemente*



(LELLO
VOCE)

Luns 20 de abril
20:30

ÁGORA


www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Samuel L. París





Samuel L. París naceu en Muros en 1984. Licenciado en Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña, en Noruega pasou dous anos traballando como libreiro e colaborando en medios de comunicación escrita. Ademais de escritor é músico; na actualidade toca o baixo na banda de garage-punk Terbutalina, que conta con seis traballos discográficos autoeditados e de libre descarga.

Blogueiro dende os primeiros tempos, o seu primeiro libro de poesía saíu en 2008 no espazo de publicación dixital e distribución gratuíta A Regueifa Plataforma, co título de *Manual da destrución*. Xa en papel e no ano 2012, édítase *Inflamable* baixo o selo de Edicións Positivas, libro do que ofreceu tamén unha versión musicada no seu blog “Parará, París”. A aventura poética do ano seguinte –o 2013– viu a luz nesa mesma bitácora e consistiu en publicar nin máis nin menos ca un poemario á semana, ata un total de cincuenta e dúas coleccións de poemas inéditos. A do presente 2015 levouno a editar poemarios escritos a man, exclusivos e baixo demanda, de novo a través do seu blog e recibindo unha xenerosa resposta.

CÓBADO

*o meu cóbado
son dezasete etarras
cubertos de chorima
que ao espertaren
na beira dun compás
catro por catro
entenden
cómo voa o amor epiléptico*



(SAMUEL
L. PARÍS)

Luns **20** de **abril**
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Lello Voce

